

### **Pilar López Yáñez, candidata do PSdeG á alcaldía de Sarria, lamenta “o desgoverno do PP” e garante que pasará “da inacción á acción para recuperar o prestixio”**

**“O concello ten que deixar atrás catro anos negros, aproveitando o seu potencial empresarial e o patrimonio que supón para Sarria o Camiño de Santiago”, asegurou o líder do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro**

**SARRIA, 16 DE ABRIL DE 2015.**-Pilar López Yáñez, candidata do PSdeG á alcaldía do Concello de Sarria, presentou esta tarde a lista municipal coa que se presentará ás eleccións que terán lugar o vindeiro 24 de maio. “Os veciños teñen oportunidade de dicir non ao desgoverno do PP”, afirmou.

No acto, a candidatura estivo acompañada polo secretario xeral dos socialistas galegos, José Ramón Gómez Besteiro, e o secretario xeral do PSdeG na provincia de Lugo, Juan Carlos González Santín. “O concello ten que deixar atrás catro anos negros e recuperar o seu impulso industrial, aproveitando ademais o patrimonio que supón para Sarria o Camiño de Santiago”, manifestou Besteiro.

Pola súa parte, Santín amosou a súa satisfacción polo proxecto que lidera Pilar López Yáñez, “pois é a candidatura que necesita Sarria; un equipo de boa xente que permitirá que os veciños desta vila recuperen o prestixio”.

“Son un valor engadido que permitirá acadar o obxectivo que nos marcamos: volver a gobernar esta importante cabeceira de comarca; unha comarca con grandes oportunidades pero que, neste tempo, tivo que lamentar o declive de importantes empresas que daban traballo a centos de familia, como é o caso de Cementos Cosmos, mentres o Partido Popular miraba para outro lado”, apuntou Santín.

Por todo elo, o secretario Provincial manifestou que “o Goberno do PP rematou o seu ciclo”. “É un proxecto esgotado. Demostrou que non foi quen de dar o impulso que precisa esta vila para seguir mantendo a posición que acadou noutro tempo, nin de acadar unha maior rendibilidade económica e social, a través de elementos como o Camiño, a pesares de que é un dos motores económicos de Galicia, pois ten unha aportación moi importante ao PIB e ao emprego”, engadiu.

#### **Candidatura**

A candidatura presentada hoxe nun acto no que tamén estiveron presentes outros socialistas da comarca como a candidata en Paradela e deputada provincial Sonsoles López Izquierdo, así como o coordinador comarcal Pablo Rivera, entre outros, está formada por 22 membros, 15 titulares e 5 suplentes. Deste xeito, o partido asume unha profunda renovación neste municipio, pois o 55% da mesma son caras novas, de tal xeito que a media de idade se sitúa nos 45 anos.

Asemade, cumpre escrupulosamente a principio de paridade, ao estar composta por 12 mulleres e 10 homes. “Vese reflectida a imaxe feminina, que eu, como candidata, apporto”,

afirmou Pilar López, e aglutina, dixo, “a experiencia de veteranos no Partido coa ilusión e as ganas de traballo dos máis novos”.

“Este é un compromiso con todos os veciños. O vindeiro 24 de maio, os sarrianos e sarrianas terán unha oportunidade de renovación e futuro que demandan; oportunidade que, como leva sucedendo neste país durante máis de 135 anos, encarnamos os socialista”, concluíu a alcaldable de Sarria.

### **Percorrido**

Logo da presentación, o líder dos socialistas galegos e o secretario Provincial acompañaron á cabeza de lista e ao resto da candidatura nun percorrido pola vila de Sarria, que rematou na piscina que construíu a Deputación na zona de O Chanto, pero que, logo de levar dous anos rematada, segundo apuntou López Yáñez, “este Goberno non foi capaz de poñela en marcha, perdendo polo camiño subvencións para poder climatizala e, agora, un mes antes das eleccións, fan o paripé absurdo e ridículo de abrir as instalacións para poñer o colofón a un mandato que non se pode calificar doutra maneira que de tomadura de pelo ao pobo de Sarria”.